

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36013448 | Manuel Antonio | Vigo     | 2023/2024     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional  | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo                         | Grao                               | Réxime            |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|---|------------------------------------|-------------------|
| HOT                           | Hostalaría e turismo | CSHOT02                   | Axencias de viaxes e xestión de eventos | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                           | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0397       | Xestión de produtos turísticos | 2023/2024 | 3                | 105          | 105            |
| MP0397_12    | Xestión de viaxes combinadas   | 2023/2024 | 3                | 55           | 55             |
| MP0397_22    | Xestión de eventos             | 2023/2024 | 3                | 50           | 50             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                          |
|--------------------------------|--------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | PATRICIA FRESCO BARBEITO |
| Outro profesorado              |                          |

Estado: Supervisada

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O profesional titulado en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos exerce a súa actividade no sector turístico, no subsector das axencias de viaxes polo miúdo, por xunto e mixtas, así como nas axencias especializadas en recepción e eventos. Trátase de traballadores por conta propia que xestionan a súa propia axencia de viaxes ou eventos, ou de traballadores por conta allea que exercen a súa actividade profesional como empregados/as ou xefes/as de oficina ou de departamento nas áreas funcionais de administración, de reservas, de produto, e de venda de servizos e produtos turísticos e eventos.

O sector da intermediación de viaxes, lonxe de ser unha actividade en retroceso, experimentou un crecemento importante nos últimos anos. Pero o futuro para as axencias pasa pola especialización, o investimento en persoal cualificado, o uso de internet e o incremento das actividades de asesoría e asistencia en viaxe. As axencias de viaxes deben afrontar o reto das novas tecnoloxías, aproveitándoas ao máximo, como ferramentas básicas dun servizo que debe apostar pola calidade e, xa que logo, pola formación, para tirar o máximo partido á enorme información dispoñible tamén para a clientela. Polo que se refire aos provedores, sen dúbida, a axencia segue a ser unha peza clave da súa rede de vendas e de promoción comercial.

As axencias de viaxe son basicamente, por definición, valor engadido, ao pór en relación provedores e clientes. Para iso deben ofrecer un servizo de calidade, que non pode limitarse á billeteaxe, cada vez máis accesible para o consumidor final (páxinas web de provedores, axencias en liña, etc.). Cómpre afondar no que constitúe o eixe básico da axencia, explotando o elemento de seguridade e confianza que achega o axente que se encarga de buscar a mellor alternativa, o máis adaptado aos gustos da clientela e coa mellor garantía. Este é o elemento diferencial respecto doutras canles alternativas á axencia. As axencias deben centrarse no seu feito diferenciador como especialistas en viaxes e asesoramento para discernir entre a grande variedade de produtos e servizos turísticos dispoñibles, asegurando a calidade.

Por último, o sector de eventos converteuse nun dos de maior proxección, e vai experimentar un grande crecemento nos próximos anos, ao converterse nunha das ferramentas de márketing máis rendibles para as empresas. En relación con isto, cómpre pór de relevo que España se erixiu nun dos principais destinos de convencións. Entre as tendencias do sector, destacan a especialización, a concentración, a diferenciación, o asesoramento e a complexidade.

O turismo representa unha actividade económica moi significativa en Vigo e en toda a provincia, o destino Rías Baixas é un dos referentes turísticos a nivel nacional. Existen na cidade e provincia unha forte implantación de empresas turísticas de diversos tipos, tales como: aloxamentos, axencias, actividades complementarias (transporte, actividades complementarias, OPCs, consultores, etc.); todas elas requiren dunha man de obra cualificada debido ao gran nivel de competencia no sector.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título                            | Descrición  | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|-----------------------------------|---|--------------------|----------|
| 1    | As viaxes combinadas.             | As viaxes combinadas: normativa que as regula, organización e formalización das xestións, o proceso de venda e os axentes implicados na intermediación turística.   | 15                 | 12       |
| 2    | Deseño das viaxes combinadas.     | Os estudos de mercado como medio para coñecer os gustos e preferencias dos clientes para o deseño das viaxes combinadas: ferramentas de obtención de información útil para coñecer a oferta e a demanda. Deseño da viaxe combinada e elección de provedores dos servizos. | 10                 | 14       |
| 3    | Cotización das viaxes combinadas. | Os prezos das viaxes combinadas e os conceptos polos que paga o cliente.  | 20                 | 18       |
| 4    | Coordinación dos servizos.        | Procesos e operacións para a reserva dos servizos e recursos informáticos para a xestión de reservas.   | 10                 | 14       |

| U.D. | Título                     | Descrición   | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|----------------------------|--|--------------------|----------|
| 5    | O mercado de eventos.      | Importancia do mercado de eventos dentro do sector turístico, organización do devandito mercado e beneficios que aporta.   | 15                 | 12       |
| 6    | A organización de eventos. | Deseño de proxectos de organización de eventos: obxectivos, cálculo de costes e aplicacións informáticas máis empregadas na xestión de eventos.                                      | 20                 | 15       |
| 7    | A supervisión dos eventos. | A supervisión e control de eventos: seguimento do plan de seguridade, análise de expectativas dos clientes, selección dos soportes publicitarios e informáticos máis adecuados, etc. | 15                 | 15       |

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD          | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 1   | As viaxes combinadas. | 15       |

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Analiza viaxes combinadas, das que identifica o seu mercado e os elementos que as caracterizan. | SI       |

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.1 Definíronse e clasificáronse as viaxes combinadas atendendo a diferentes parámetros.   |
| CA1.3 Caracterizáronse as diferenzas entre as viaxes combinadas á oferta e á demanda.  |
| CA1.6 Recoñeceuse e analizouse a normativa aplicable ás viaxes combinadas.   |
| CA1.7 Descríbóronse os servizos turísticos principais e accesorios que conforman as viaxes combinadas.   |
| CA1.9 Identifícaronse e describíronse os elementos, os contidos e as cláusulas que deben conter os programas e os contratos de viaxes combinadas.  |
| CA1.11 Caracterizouse a tipoloxía e definíronse as funcións dos intermediarios de transporte e aloxamento, e as relacións profesionais que se establecen cos organizadores de viaxes combinadas. |

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.13 Recoñecéronse as relacións profesionais, económicas e contractuais que se establecen entre os organizadores de viaxes, as axencias polo miúdo e os prestatarios dos servizos. |
| CA1.15 Analizáronse as condicións para a elección dos provedores de servizos.  |
| CA1.17 Caracterizáronse as condicións dos acordos ou convenios entre prestatario do servizo e organizador.   |
| CA1.19 Describíronse e analizáronse as funcións que deben desempeñar as axencias receptoras e os correspondentes.  |
| CA1.20 Analizouse o mercado de viaxes combinadas, as tendencias actuais e as previsións deste tipo de produto turístico.   |

**4.1.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| <p>Axencias receptoras e correspondentes.</p> <p>Mercado de viaxes combinadas.</p> <p>Viaxes combinadas: tipoloxía e normativa. Viaxes combinadas á oferta e á demanda.</p> <p>Elementos das viaxes combinadas.</p> <p>Programa e contrato de viaxes combinadas.</p> <p>Intermediarios: tipoloxía, funcións e relacións cos organizadores de viaxes combinadas.</p> <p>Relacións profesionais entre organizador, axencias polo miúdo e provedores de servizos. Convenios de colaboración e termos de retribución.</p> |

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                  | Duración |
|-----|-------------------------------|----------|
| 2   | Deseño das viaxes combinadas. | 10       |

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Deseña e cotiza viaxes combinadas aplicando a metodoloxía adecuada en cada proceso, para o que analiza a información. | NO       |

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.1 Diferenciouse a metodoloxía de deseño e cotización de viaxes combinadas atendendo á súa tipoloxía, á oferta ou á demanda.       |
| CA2.3 Aplicáronse técnicas de investigación de mercado previas ao deseño de viaxes combinadas.  |
| CA2.5 Xustificouse a selección dos compoñentes principais e accesorios das viaxes combinadas.   |
| CA2.13 Formalizáronse os documentos relativos ao deseño e á cotización das viaxes combinadas.   |
| CA2.15 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas para a procura de información, o deseño e a cotización de viaxes combinadas. |
| CA2.18 Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela e a xestión da calidade.                                  |

**4.2.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Aplicación de técnicas de investigación de mercado.<br><br>Documentación derivada do deseño e da cotización de viaxes combinadas.<br><br>Calidade nas viaxes combinadas.<br><br>Aplicacións informáticas.<br><br>Deseño e cotización de viaxes combinadas en función da súa tipoloxía á oferta ou á demanda.<br><br>Deseño da viaxe combinada: compoñentes, fases e secuencia.<br><br>Selección de provedores: criterios de negociación. |

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                      | Duración |
|-----|-----------------------------------|----------|
| 3   | Cotización das viaxes combinadas. | 20       |

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Deseña e cotiza viaxes combinadas aplicando a metodoloxía adecuada en cada proceso, para o que analiza a información. | NO       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.7 Definíronse as condicións e os acordos da negociación con provedores con base en diferentes criterios.  |
| CA2.10 Analizáronse as tarifas, os impostos, as taxas e outras condicións especiais que se lles aplican aos servizos de transporte, aloxamento e doutra indole nas viaxes combinadas. |
| CA2.11 Aplicouse a metodoloxía para a cotización dos servizos e o cálculo de custos, descontos, comisións, marxes de beneficio, limiares de rendibilidade, impostos e prezo de venda. |
| CA2.13 Formalizáronse os documentos relativos ao deseño e á cotización das viaxes combinadas.   |
| CA2.15 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas para a procura de información, o deseño e a cotización de viaxes combinadas.   |

**4.3.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| Aplicación de técnicas de investigación de mercado.<br>Documentación derivada do deseño e da cotización de viaxes combinadas.<br>Calidade nas viaxes combinadas.<br>Aplicacións informáticas.<br>Deseño e cotización de viaxes combinadas en función da súa tipoloxía á oferta ou á demanda.<br>Cotización dos servizos. Compoñentes do prezo. Tarifas e condicións especiais, descontos, gratuidades, etc. Impostos e taxas. Custos. Marxe de beneficio e limiar de rendibilidade. Cálculo do prezo de venda final. |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD               | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 4   | Coordinación dos servizos. | 10       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Coordina as viaxes combinadas cos prestatarios dos servizos utilizando sistemas globais de distribución. | SI       |

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA3.1 Diferenciouse a metodoloxía de coordinación e operativa de viaxes combinadas atendendo á súa tipoloxía, á oferta ou á demanda. |
| CA3.4 Identificáronse e definíronse as fases e os procesos da operación e reserva das viaxes combinadas.                             |
| CA3.6 Recoñecéronse as operacións de reservas de transporte, aloxamento e outros servizos complementarios.                           |
| CA3.8 Determinouse a coordinación da prestación do servizo cos provedores.   |
| CA3.9 Caracterizouse e analizouse a documentación requirida para a prestación dos servizos.  |
| CA3.11 Utilizáronse aplicacións informáticas para a xestión e a reserva de servizos.   |

**4.4.e) Contidos**

| Contidos  |
|---|
| Aplicacións informáticas específicas de xestión e reserva de servizos turísticos. |
| 0Coordinación coas axencias receptivas.   |
| Documentación: tipoloxía, finalidade e emisión.                                   |
| Coordinación e operativa de viaxes combinadas.                                    |

| Contidos   |
|--|
| Operación e reserva das viaxes combinadas en función da súa tipoloxía á oferta ou á demanda. Procesos. |
| Organización e reserva dos servizos de transporte, aloxamento e outros complementarios.                |

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD          | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 5   | O mercado de eventos. | 15       |

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo   | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica o mercado de eventos, para o que analiza a súa tipoloxía e os servizos máis característicos. | SI       |

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA1.2 Describiuse e caracterizouse a tipoloxía de actos e eventos.   |
| CA1.4 Analizouse a oferta turística necesaria para o desenvolvemento de eventos.   |
| CA1.5 Identificouse a oferta turística galega relacionada co mercado de eventos.   |
| CA1.8 Enumeráronse e caracterizáronse diferentes tipos de servizos e espazos que se adoitan requirir nos eventos.                                    |
| CA1.10 Identificouse e analizouse a tipoloxía e as funcións dos organismos e das empresas públicas e privadas relacionadas coa captación de eventos. |
| CA1.12 Describiuse a función dos patrocinadores e das entidades colaboradoras na celebración de eventos.   |
| CA1.14 Analizouse o mercado actual de eventos e a súa previsible evolución.  |
| CA1.16 Analizouse o impacto económico e social dos eventos nos destinos especializados.  |



**Criterios de avaliación**

CA1.18 Aplicáronse diversos sistemas informáticos para a procura de información.

**4.5.e) Contidos**
**Contidos**

Eventos: concepto, tipoloxía e función.

0Captación de eventos: organismos e empresas públicas e privadas intervinientes.

Patrocinadores e entidades colaboradoras.

Mercado actual e evolución previsible do sector. Impacto económico e social nos destinos.

Aplicacións informáticas de información.

Oferta turística necesaria para o desenvolvemento de eventos.

Oferta turística galega para o desenvolvemento de eventos.

Servizos demandados segundo a tipoloxía de eventos.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD               | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 6   | A organización de eventos. | 20       |

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Organiza diversos tipos de eventos, e establece as características da súa planificación, a súa programación e a súa dirección. | SI       |

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación   |
|---|
| CA2.2 Caracterizouse a metodoloxía para elaborar proxectos de eventos.  |
| CA2.4 Definíronse as funcións da organización contratante e do organizador do evento.                               |
| CA2.6 Prevíronse os recursos humanos, os equipamentos técnicos e o material necesario en función do tipo de evento. |
| CA2.8 Seleccionáronse provedores de servizos e persoal en función do acto que se organice.                          |
| CA2.9 Elaboráronse orzamentos desagregados por servizos e calculouse o prezo, os custos e a marxe de beneficio.     |
| CA2.12 Coordináronse os servizos cos provedores, co persoal de asistencia e coa clientela.                          |
| CA2.14 Tivéronse en conta as medidas de seguridade previstas en casos de emerxencias en espazos e locais pechados.  |
| CA2.16 Seguíronse os protocolos de xestión documental.  |
| CA2.17 Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela e a xestión da calidade.                |
| CA2.19 Elaborouse un programa técnico do evento.  |

**4.6.e) Contidos**

| Contidos   |
|--|
| 0Coordinación entre a clientela e a organización do evento.<br><br>Plan de seguridade.<br><br>Xestión da documentación do evento.<br><br>Aplicacións informáticas de xestión de eventos.<br><br>Programas técnicos para xestión de eventos.<br><br>Proxecto: fases e metodoloxía para o seu desenvolvemento. |

| Contidos   |
|--|
| Recursos humanos, técnicos e materiais para a organización de eventos. |
| Formalización da documentación.  |
| Cálculo de custos: orzamentos, valoración e marxe de beneficios.       |

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD               | Duración |
|-----|----------------------------|----------|
| 7   | A supervisión dos eventos. | 15       |

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo  | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Supervisa eventos de diversos tipos, nos que coordina e controla o desenvolvemento da prestación dos servizos. | SI       |

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación  |
|--|
| CA3.2 Coordináronse os recursos humanos durante o evento, asignando funcións e localización.                                   |
| CA3.3 Supervisouse a localización e a disposición dos equipamentos, a moblaxe e outros elementos.                              |
| CA3.5 Supervisouse o funcionamento dos equipamentos técnicos.  |
| CA3.7 Xestionouse a documentación do evento: cartáfoles, credenciais, etc.   |
| CA3.10 Recoñecéronse normas de protocolo referidas ás persoas asistentes, ás instalacións e aos obxectos usados para este fin. |
| CA3.12 Definíronse e caracterizáronse os soportes publicitarios e a súa localización durante o desenvolvemento do evento.      |
| CA3.13 Identificáronse os procedementos de atención á clientela no acollemento, durante o evento e no seu remate.              |
| CA3.14 Tivéronse en conta as actitudes propias do persoal de asistencia neste tipo de actos.                                   |

**Criterios de avaliación**

CA3.15 Aplícase o procedemento para elaborar a factura do servizo e para o pagamento a provedores e a persoal contratado.

CA3.16 Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela e a xestión da calidade.

CA3.17 Realízase o seguimento do evento tras a súa finalización.

**4.7.e) Contidos****Contidos**

Seguimento e avaliación de eventos.

Coordinación e control durante o evento. Persoal: funcións e localización. Equipamentos técnicos, moblaxe e material diverso. Documentación do evento: cartafolios, credenciais, etc. Aplicación de normas de protocolo en actos de diversos tipos.

Soportes publicitarios e informativos en eventos.

Acollemento, atención durante o evento e despedida: procedemento.

Facturación a clientes. Pagamento a provedores de servizos e persoal contratado.

Calidade nos servizos de eventos.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

O longo do curso utilizarase a Aula Virtual facilitada pola Xunta onde o profesor irá cargando os contidos máis relevantes da materia.

Os criterios de avaliación desta programación contemplan tres opcións:

- Presencial
- Semipresencial
- On-line

En cada trimestre realizarase as seguintes probas:

Proba escrita (obligatoria para acadar unha valoración positiva e presencial). Nesta proba avaliaranse os contidos teórico-prácticos.

Valorarase ata 9 puntos e será necesario obter un mínimo de 4,5 puntos para poder superala.

Tarefas, traballos e presentacións (voluntarias e telemáticas). Nestas probas avaliaranse os contidos prácticos. Valoraranse ata 1 punto.

A nota, que consistirá na suma de ambas partes (sempre que se acade a avaliación positiva na proba obligatoria) será numérica: do 1 ao 10. Para superalo trimestre e necesario alcanzar unha nota media dun 5/10.

Recuperacións: O alumnado que non supere os mínimos esixibles nunha única avaliación poderá realizar unha proba de recuperación. A recuperación consistirá nunha única proba sobre os contidos teórico-prácticos da avaliación non superada.

Valorarase ata 10 puntos e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala.

Non se farán probas de recuperación para subir nota.

Nota: A asistencia ás sesións presenciais, a participación nos foros e a realización dalgunhas tarefas terán carácter voluntario e non serán avaliábeis.

#### SEMIPRESENCIAL E TELEMÁTICO

Faise preciso sinalar o carácter flexible desta programación de curso, que poderá ser modificada, como xa ocorreu, para adaptarse ás necesidades que no proceso de ensino-aprendizaxe se poidan presentar durante o curso. Isto inclúe a posibilidade de pasar da modalidade de ensino a distancia con clases de titoría á un ensino totalmente telemático o cal pode provocar unha alteración na impartición dos contidos ou mesmo cambios nos instrumentos de avaliación de determinados criterios de avaliación.

Sexa cal fora a situación que se presente, o obxectivo primordial é que o alumnado adquira os coñecementos asociados aos criterios de cualificación sinalados como mínimo esixible e que, desta forma, poidamos asegurar a superación dos resultados de aprendizaxe descritos no currículo do ciclo.

Se nalgún momento se impón a ensinanza totalmente telemática, o proceso de ensino-aprendizaxe continuarase a realizarse a través da aula virtual e establecerase a comunicación presencial a través de videoconferencia (Webex), correo electrónico ou chat-foro da aula virtual de maneira que o proceso de aprendizaxe non se resinta pola non asistencia de forma presencial as titorías ó centro educativo.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Definíronse e clasificáronse as viaxes combinadas atendendo a diferentes parámetros.

Caracterizáronse as diferenzas entre as viaxes combinadas á oferta e á demanda.

Recoñeceuuse e analizouse a normativa aplicable ás viaxes combinadas.

Descríbíronse os servizos turísticos principais e accesorios que conforman as viaxes combinadas.

Identificáronse e describíronse os elementos, os contidos e as cláusulas que deben conter os programas e os contratos de viaxes combinadas.

Caracterizouse a tipoloxía e definíronse as funcións dos intermediarios de transporte e aloxamento, e as relacións profesionais que se establecen cos organizadores de viaxes combinadas.

Recoñecéronse as relacións profesionais, económicas e contractuais que se establecen entre os organizadores de viaxes, as axencias polo miúdo e os prestatarios dos servizos.

Analizáronse as condicións para a elección dos provedores de servizos.

Caracterizáronse as condicións dos acordos ou convenios entre prestatario do servizo e organizador.

Descríbíronse e analizáronse as funcións que deben desempeñar as axencias receptoras e os correspondentes.

Analizouse o mercado de viaxes combinadas, as tendencias actuais e as previsións deste tipo de produto turístico.

Diferenciouse a metodoloxía de deseño e cotización de viaxes combinadas atendendo á súa tipoloxía, á oferta ou á demanda.

Aplicáronse técnicas de investigación de mercado previas ao deseño de viaxes combinadas.

Xustificouse a selección dos compoñentes principais e accesorios das viaxes combinadas.

Formalizáronse os documentos relativos ao deseño das viaxes combinadas.

Utilizáronse aplicacións informáticas específicas para a procura de información e o deseño de viaxes combinadas.

Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela e a xestión da calidade.

Definíronse as condicións e os acordos da negociación con provedores con base en diferentes criterios.

Analizáronse as tarifas, os impostos, as taxas e outras condicións especiais que se lles aplican aos servizos de transporte, aloxamento e doutra índole nas viaxes combinadas.

Aplicouse a metodoloxía para a cotización dos servizos e o cálculo de custos, descontos, comisións, marxes de beneficio, limiares de rendibilidade, impostos e prezo de venda.

Formalizáronse os documentos relativos á cotización das viaxes combinadas.

Utilizáronse aplicacións informáticas específicas para a cotización de viaxes combinadas.

Diferenciouse a metodoloxía de coordinación e operativa de viaxes combinadas atendendo á súa tipoloxía, á oferta ou á demanda.

Identificáronse e definíronse as fases e os procesos da operación e reserva das viaxes combinadas.

Recoñecéronse as operacións de reservas de transporte, aloxamento e outros servizos complementarios.

Determinouse a coordinación da prestación do servizo cos provedores.

Caracterizouse e analizouse a documentación requirida para a prestación dos servizos.

Utilizáronse aplicacións informáticas para a xestión e a reserva de servizos.

Descríbiuse e caracterizouse a tipoloxía de actos e eventos.

Analizouse a oferta turística necesaria para o desenvolvemento de eventos.

Identificouse a oferta turística galega relacionada co mercado de eventos.

Enumeráronse e caracterizáronse diferentes tipos de servizos e espazos que se adoitan requirir nos eventos.

Identificouse e analizouse a tipoloxía e as funcións dos organismos e das empresas públicas e privadas relacionadas coa captación de eventos.

Describiuse a función dos patrocinadores e das entidades colaboradoras na celebración de eventos.

Analizouse o mercado actual de eventos e a súa previsible evolución.

Analizouse o impacto económico e social dos eventos nos destinos especializados.

Aplicáronse diversos sistemas informáticos para a procura de información.

Caracterizouse a metodoloxía para elaborar proxectos de eventos.

Definíronse as funcións da organización contratante e do organizador do evento.

Prevíronse os recursos humanos, os equipamentos técnicos e o material necesario en función do tipo de evento.

Seleccionáronse provedores de servizos e persoal en función do acto que se organice.

Elaboráronse orzamentos desagregados por servizos e calculouse o prezo, os custos e a marxe de beneficio.

Coordináronse os servizos cos provedores, co persoal de asistencia e coa clientela.

Tivéronse en conta as medidas de seguridade previstas en casos de emerxencias en espazos e locais pechados.

Seguíronse os protocolos de xestión documental.

Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela e a xestión da calidade.

Elaborouse un programa técnico do evento.

Coordináronse os recursos humanos durante o evento, asignando funcións e localización.

Supervisouse a localización e a disposición dos equipamentos, a moblaxe e outros elementos.

Supervisouse o funcionamento dos equipamentos técnicos.

Xestionouse a documentación do evento: cartafoles, credenciais, etc.

Recoñécéronse normas de protocolo referidas ás persoas asistentes, ás instalacións e aos obxectos usados para este fin.

Definíronse e caracterizáronse os soportes publicitarios e a súa localización durante o desenvolvemento do evento.

Identificáronse os procedementos de atención á clientela no acollemento, durante o evento e no seu remate.

Tivéronse en conta as actitudes propias do persoal de asistencia neste tipo de actos.

Aplicouse o procedemento para elaborar a factura do servizo e para o pagamento a provedores e a persoal contratado.

Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela e a xestión da calidade.

Realizouse o seguimento do evento tras a súa finalización.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere os mínimos esixibles nunha única avaliación poderá realizar unha proba de recuperación.

A recuperación consistirá nunha única proba sobre os contidos teórico-prácticos da avaliación non superada. Valorarase ata 10 puntos e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala.

Non se farán probas de recuperación para subir nota.

Todo o alumnado que non supere os mínimos esixibles do módulo terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación final.

A proba de avaliación extraordinaria final consistirá nunha única proba sobre todos os contidos teórico-prácticos do módulo (valorarase ata 10 puntos e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala).

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Avaliación extraordinaria: Todo o alumnado que non supere os mínimos esixibles do módulo terá dereito a realizar una proba de avaliación final.

A avaliación final consistirá nunha única proba sobre todos os contidos teórico- prácticos de todo o módulo

(valorarase ata 10 puntos e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala).

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Avaliarase continuamente o proceso de ensino-aprendizaxe mediante a avaliación da práctica docente e o seguimento da programación.

A avaliación da práctica docente realizarase coas enquisas que lles serán entregadas ao alumnado.

Os aspectos a avaliar da programación serán:

Selección, distribución e secuenciación dos contidos.

Adecuación dos criterios de avaliación.

Idoneidade dos métodos pedagóxicos e materiais didácticos.

Idoniedade das actividades de ensino-aprendizaxe.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A presentación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumnado, a actitude coa que se enfronta ao proceso de ensino-aprendizaxe, os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir e as dificultades que poida ter o/a alumno/a con respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Para a súa aplicación empregaranse:

Cuestionarios de coñecementos iniciais. Baseado nos contidos do módulo.

Observación directa do profesorado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O alumnado que precise actividades de reforzo realizarán actividades de repaso e supostos prácticos co profesor no horario estipulado, incidindo nas necesidades propias de cada un dos alumnos/as individualmente:

Elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos, pequenos traballos de búsqueda de información, de forma individualizada.

Repetición de prácticas.

Axustes na metodoloxía, adaptando as axudas e recursos pedagóxicos ás necesidades dos alumnos/as.

Actividades diferenciadas, propoñendo, aos alumnos/as que presentan algunha dificultade para traballar certos contidos, actividades que lles permitan aproximarse a estes, ou ben actividades de ampliación na materia, para aqueles alumnos con maiores capacidades.

Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras.

En todo caso, haberá unha coordinación co departamento de orientación, que tamén terá dado a súa visión de cal é o xeito de proceder e de facilitar ao alumnado a súa aprendizaxe.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, aulas e material de traballo traballaran-se a través de diferentes actividades.

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro.

Para este módulo cabe destacar:

Educación do consumidor.



Aprender a conservar e valorar na súa xusta medida os bens personais, como é o caso dos instrumentos empregados no sector turístico.

Valorar os produtos de consumo co obxetividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

Apreciar o desenvolvemento sostible mediante a reciclaxe de materiais, o deseño e consumo racional de obxectos...

Educación para a igualdade.

Estará sempre presente, xa que en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Interesarse por coñecer, respectar e valorar a opinión e produción dos compañeiros, independentemente do seu sexo e da súa aparencia, colabo-rar con tódolas persoas, independentemente do seu sexo ou condición e amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón do sexo.

Educación moral e cívica.

Manifestar actitudes propias sobre o sector turístico, visión crítica e actitude aberta a novas ideas, na resolución de problemas, interpretar o coñe-cemento do turismo técnico como unha ferramenta de traballo ao servizo da sociedade, e apreciar o noso patrimonio artístico e respetar as instala-cións dos aloxamentos turísticos.

Educación para a paz.

Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democráti-co. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc..... Apreciar a linguaxe da actividade turística como medio de expresión e comunicación entre comunidades diversas. Amosar unha actitude flexible e aberta ante as opinións dos demais no desenvolvemento do traballo en equipo no momento de resolver un problema, así como amosar comprensión das diferentes cultu-ras dos clientes que recibirán cada vez mais neste novo escenario da globalización.

Educación ambiental.

É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde.

É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Interculturalidade.

Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.



### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O alumnado de educación a distancia terá dereito a asistir as ACF porpostas para a súa quenda no tendo carácter obrigatorio.

### 10. Outros apartados

#### 10.1) Covid-19

Esta programación contempla a posibilidade de unha formación totalmente telemática. Ver apartado "criterios de avaliación"